



DIOCESE  
DE LUGO

# Programación *Pastoral* *Curso 2015-2016*



**Experiencia de Misericordia**

# Liñas de acción

## Equipo pastoral 2015-2016

### 1. A “alegría do Evanxeo”

Ao inicio deste novo curso pastoral segue resoando en toda a Igrexa, e tamén entre nós, a chamada forte e clara do noso Papa Francisco a vivir e a comunicar a “alegría do Evanxeo”, a ser discípulos alegres e misioneiros, evanxelizadores.

O noso primeiro xesto pastoral, de responsabilidade para co pobo que temos encomendado, será afirmar en primeira persoa que “a alegría do Evanxeo enche o corazón e a vida enteira dos que se encontran con Xesús” (EG 1).

Así venceremos “o gran risco do mundo actual”, que sufrimos tamén nós, o de “unha tristura individualista que brota do corazón cómodo e avaro, da busca enfermiza de praceres superficiais, da conciencia illada” (EG 2), e poderemos dar testemuño aos nosos irmáns, axudalos realmente.

Consideremos, polo tanto, como unha tarefa primeira gardar viva a memoria da “dignidade inquebrantable” que nos dá ser amados por Deus (EG 3), a memoria do noso encontro con Cristo, que entrou na nosa historia persoal para sempre. Porque “só gracias a este encontro —u reencontro— co amor de Deus, que se converte en feliz amizade, somos rescatados da nosa conciencia illada e da autorreferencialidade (EG 8).

O Papa, na súa exhortación, invítanos a vencer o illamento e a comodidade, e concretamente as “tentacións” en que os axentes pastorais experimentamos o individualismo propio da nosa época: a acedia egoísta, o pesimismo estéril, a mundanidade espiritual ou a guerra entre nós (cf. EG cap. II. II).

Así pois, ao longo deste curso, nos nosos diversos **encontros de formación**, leremos a *Evangelií Gaudium* e reflexionaremos sobre

as súas ensinanzas, para recordar en primeiro lugar que “o Deus que manifestou o seu amor inmenso en Cristo morto e resucitado... fai aos seus fieis sempre novos; aínda que sexan anciáns, renovaralles o vigor” (EG 11). “El permítenos levantar a cabeza e volver empezar, cunha tenrura que nunca nos desilusiona e que sempre pode devolvernos a alegría” (EG 3).

## **2. Presenza eclesial no territorio**

A proposta da Exhortación papal resoa nos nosos oídos de modo especial, ao encontrarnos nun camiño de reordenación da nosa vida de Igrexa en moitas parroquias da Diocese, sobre todo rurais. Sabemos que, polas circunstancias demográficas, culturais e relixiosas que nos toca vivir, é particularmente verdade para nós que non podemos quedarnos tranquilos, en espera pasiva nos nosos templos” (EG 15).

O noso Papa invítanos a “avanzar polo camiño dunha conversión pastoral e misioneira, que non pode deixar as cousas como están. Xa non nos serve unha simple administración” (EG 25). Estamos chamados a renovar a nosa actitude misioneira, a “saír” ao encontro dos nosos irmáns, a propoñerlles vivir xuntos á luz do Evanxeo.

Sobre a parroquia, dinos concretamente que, “se é capaz de reformarse e adaptarse continuamente”, “estar en contacto cos fogares e a vida do pobo”, poderá ser “presenza eclesial no territorio, ámbito de escoita da Palabra, do crecemento da vida cristiá, do diálogo, do anuncio, da caridade xenerosa, da adoración e a celebración” (EG 28).

Podemos tomar esta formulación sintética como proposta para nós: que as nosas parroquias sexan “presenza eclesial no territorio”. Se as formas poden cambiar entre a cidade, as vilas e o mundo rural, habemos de buscar que en todo o territorio diocesano exista presenza eclesial e sexa posible un acompañamento fraterno, con fe e caridade concretas; de modo que ningunha comunidade, por pequena que sexa, quede abandonada, e que ninguén quede só, particularmente en circunstancias difíciles ou momentos de necesidade, física ou espiritual, e tampouco aqueles que non coñecen ou rexeitan o Evanxeo.

Para iso será imprescindible a permanencia dunha vida eclesial verdadeira, que todos nos sintamos membros da Igrexa que pe-

regrina en Lugo, que coidemos os xestos e momentos que nolo recordan, aínda que isto nos pida algún esforzo.

A unidade e a colaboración de todos, fieis e presbíteros, é unha meta principal da nosa tarefa pastoral, e será, ao mesmo tempo, un instrumento decisivo para que poidamos levala a cabo. Esta unidade correspóndese coa natureza íntima do noso ser comunidade, parroquia e Igrexa, está no corazón da misión do presbítero, e fará posible a tarefa da evanxelización.

Agora ben, como nos recorda o Papa Francisco, no anuncio do Evanxeo existe como unha xerarquía (cf. EG, cap. I. III), non só das verdades, senón loxicamente tamén das opcións e actitudes pastorais. Moitas cousas pertencen á fe e á vida cristiá e, por conseguinte, son moi importantes. Pero o corazón da nosa fe non poderá nunca reducirse só a doutrinas, aínda que sexan as da Escritura ou do Maxisterio, senón que será sempre a realidade misteriosa do Amor entregado e vitorioso na cruz e a resurrección. Este “mysterium fidei” é o que se fai presente na Eucaristía, que o noso pobo vive dende sempre como fonte e cumio da súa fe e do seu ser comunión de fieis cristiáns, parroquia.

No proceso de renovación das nosas comunidades parroquiais, non podemos esquecer aquilo en que se expresa “máis directamente o corazón do Evanxeo” e goza de prioridade na vida e o anuncio da fe, aquel núcleo fundamental en que “resplandece a beleza do amor salvífico de Deus manifestado en Xesucristo morto e resucitado” (EG 36).

De aí o camiño emprendido na nosa Igrexa diocesana e que continuaremos este curso: intentar facer posible a todos a celebración da Eucaristía dominical, non deixar de poñer ante os ollos dos nosos fieis a urxencia e a beleza de facer memoria xuntos da presenza real do Amor de Deus no medio de nós, na nosa terra.

Xa a proposta é boa en si mesma, porque é un xesto evanxelizador, que chama a revitalizar a propia fe e a camiñar unidos como cristiáns. Tamén o esforzo que poida significar poñerse en movemento para reunirse o domingo e celebrar a memoria viva do Señor resucitado, será sen dúbida frutuoso. Por iso, mentres nos sexa posible, non deamos prioridade a propostas pastorais que sacrifiquen este corazón da nosa fe en nome doutras formas de vida comunitaria. Aínda que, por suposto, non deixemos de coi-

dar e atender a todos aqueles que, por diversas razóns, non poidan participar na celebración dominical.

Será posible así realizar tamén mellor moitas das tarefas e actividades propias da vida cristiá, catequéticas e de formación, de caridade concreta e organizada, de festa e celebración. Por este camiño demos xa pasos importantes, que a boa experiencia realizada nos anima a continuar.

Volvendo os ollos ao esencial da nosa fe, faremos un xesto de evanxelización explícita e recordaremos ao mesmo tempo a urxencia da fraternidade, da unidade vivida, de estar preto de cada un e de cada parroquia na súa vida cotiá, especialmente nos momentos máis significativos. Así, coidando a presenza da comunidade dominical no noso territorio, poderá crecer en todos o sentido de pertenza viva á Igrexa e tamén de proximidade á propia parroquia, aínda que sexa pequena.

E como toda evanxelización é un “xesto de saída” cara o próximo, non só será sempre un convite á participación, senón que agudizará a percepción da necesidade da presenza e a colaboración de todos os fieis, en diversos ministerios e servizos.

### **3. A pastoral familiar como prioridade**

Un ano máis teremos como prioridade a pastoral familiar. O noso Papa Francisco recordounos insistentemente que o matrimonio e a familia son ámbitos decisivos da vida das persoas, moi necesitados da verdade e da misericordia do Evanxeo.

Se as riquezas do amor de Deus non sandasen, renovasen, fortalecesen o amor humano e noso ser familia, a obra do Señor non se realizaría verdadeiramente en nós, o fermento do Reino non fe transformaría a masa da nosa carne.

A convocatoria dos dous **Sínodos sobre a familia** recórdanos a urxencia desta tarefa pastoral na nosa sociedade, e invítanos a seguir este ano con particular atención o maxisterio episcopal e papal a este respecto.

Entre as propostas da nosa Delegación de Pastoral familiar xogan un papel importante **os cursos pre-matrimoniais**, que, por outra parte, fan xurdir regularmente a preocupación pola posible continuidade dos grupos de matrimonios que se forman así. Procuraremos este ano coidar un pouco máis estes cursos e



ofrecer tamén algunha proposta para despois da celebración do sacramento.

Convén igualmente insistir na posibilidade, ofrecida polo COF diocesano de **encontros de “formación afectivo-sexual”**. Para que os nosos mozos comprendan e se adhiran con fe ao Evanxeo, necesitan sen dúbida especialmente crecer na intelixencia da súa vocación ao amor. Non é posible educalos cristiamente no noso mundo actual sen afrontar de modo explícito esta cuestión. Aproveitemos esta posibilidade formativa, que está á nosa disposición e pode resultar moi fecunda.

Recordemos igualmente a existencia do noso **COF diocesano**, cuxa actividade deu xa bos froitos. É un instrumento á nosa disposición, parte da nosa pastoral cotiá, polo que a misericordia de Deus pode chegar tamén a matrimonios e familias con problemas.

Non deixemos de recorrer a el na medida das nosas necesidades, para un mellor acompañamento pastoral dos nosos fieis.

Convén igualmente estar atento a posibles iniciativas dende a Delegación e o COF con respecto a problemas concretos do ámbito familiar, como puido ser recentemente a reflexión realizada sobre as dificultades que viven os “coidadores” nos nosos ámbitos máis próximos.

Este curso seguirá tendo lugar en Silleda, xunto coas Dioceses de Galicia, o **“Curso de formación en matrimonio e familia”**, que comezou, en xaneiro pasado con bo éxito. Isto recórdanos que todas as iniciativas e movementos ao servizo da pastoral matrimonial e familiar, presentes con frecuencia nas nosas parroquias, son importantes e merecen a nosa atención.

#### **4. Ano da vida consagrada**

Ao longo deste curso celebraremos en toda a Igrexa o “Ano da vida consagrada”, convocado polo Papa Francisco con ocasión dos 50 anos da aprobación da constitución conciliar *Lumen Gentium* e do seu capítulo sexto sobre a vida consagrada.

En España celebraremos ademais un “Ano xubilar teresiano” polos 500 anos do nacemento de Santa Teresa de Xesús.

A presenza da vida consagrada é importante na nosa Diocese e, non obstante, non sempre ben coñecida.

Este “Ano” será, pois, en primeiro lugar, unha **ocasión de encontro, de redescubrimento** por parte de toda a Igrexa diocesana deste “tesouro” evanxélico, que para moitos está escondido.

A toma de conciencia da existencia destas comunidades entre nós será un primeiro paso necesario, para que tamén poidamos acoller o testemuño profético que segue ofrecendo na Igrexa e na sociedade a vida consagrada, tanto contemplativa coma activa. Iso faranos un grande ben a todos os fieis, pois axudaranos a percibir mellor as verdadeiras dimensións da nosa fe, a súa fondura e radicalidade, e co seu exemplo de entrega, fraternidade e caridade constante ao servizo dos demais será un convite a vivir máis en verdade o noso propio ser cristiáns.

Procuraremos igualmente mostrar o noso agradecemento ás diferentes comunidades, pola súa presenza, polas obras que realizan e polo seu testemuño de fe. Niso teremos en conta especialmente á vida contemplativa, por natureza máis retirada e silenciosa —aínda cando están no medio das nosas cidades—, pero importante para toda a vida de Igrexa pola súa constante oración diante de Deus.

A celebración do **quinto centenario do nacemento de Sta. Teresa de Xesús** dará certo protagonismo este ano á tradición do Carmelo, tamén presente na nosa Diocese cunha comunidade de carmelitas descalzas.

Pode ser unha ocasión propicia igualmente para renovar as formas populares de devoción, así como as asociacións e confrarías vinculadas á Virxe do Carmen.

Participaremos nas celebracións xubilares deste ano teresiano nas formas previstas pola Penitenciaría apostólica, que aplicaremos na nosa Diocese co oportuno Decreto. Convén recordar que un ano xubilar é sempre unha ocasión singular de graza e de misericordia, na que estamos invitados a vivir máis fundamente o misterio do perdón e da liberación —pola indulxencia plenaria— das penas que leva consigo o noso pecado.

Deus mediante, organizaremos tamén unha peregrinación diocesana con motivo do Ano teresiano, que se anunciará no seu momento. E dende a Delegación de pastoral xuvenil invítarase igualmente a asistir ao “Encontro europeo de mozos”, que terá lugar en Ávila o próximo agosto con esta ocasión.

## 5. Conclusión

Que a proximidade á realidade da vida consagrada na nosa Diocese nos faga crecer a todos este ano na nosa conciencia crente, no coñecemento de Deus Pai e do seu Fillo Xesucristo, de quen recibimos o Espírito e o mandato novo do amor.

En Xesús, na súa humanidade sacratísima, testemuñanos Sta. Teresa por experiencia que nos ofrece Deus todos os bens, que El é a porta pola que Deus quere que entremos. escoitemos este ano con especial atención as ensinanzas de Sta. Teresa, para crecer en sentido de oración e na fe no Señor Xesús.

Esta é, por outra parte, a nosa tradición lucense, que garda no centro sempre a Xesús Sacramentado e, así, o sentido da comunión eucarística, da caridade e da adoración.

Que a Santa Virxe María, que nunca separou os seus ollos nin o seu corazón da humanidade do seu Fillo, nos consiga a docilidade para saber responder durante este curso aos dons do Señor Xesús, para vivir segundo a súa vontade e poder así cumprir a nosa tarefa, a misión pastoral que El nos encomenda de moitas maneiras para o ben do seu Pobo.

+ *Alpino, hijo de  
duya*